

Antón Figueroa

# Margot Sponer

Do galego antigo  
ás fronteiras  
da resistencia

Breite Straße

Ersatzhaltestelle

M48 Zehlendorf  
Busseallee

N42 U-Bhf  
Theodor-Heuss-Pl.

EDICIÓN

laiovento  
**LAIOVENTO**

**ENSAIO**

## INTRODUCCIÓN

Na *Staatsbibliothek* de Berlín atópase un volume particularmente interesante para a historiografía da lingua galega. Leva como título *Altgalizische Urkunden* e constitúe o texto presentado na *Friedrich-Wilhelms-Universität*, o día 20 de xuño de 1935, como tese de Doutoramento pola profesora do mesmo centro berlinés Margot Sponer. Era aquela una época de particular tensión para a súa autora por razóns sociais, profesionais e familiares, como imos ver. O texto, redactado a partir de 1927, segue como modelo metodolóxico, incluso en detalles nimios, o traballo de Ramón Menéndez Pidal, *Documentos lingüísticos de España. Reino de Castilla*, publicado en 1919 no Centro de Estudos Históricos, dependente da Junta de Ampliación de Estudos (JAE). Veremos que isto non se produciu por casualidade, senón nun contexto de relacións científicas e institucionais ás que Margot Sponer estaba dalgunha maneira vinculada.

O estudo de Margot Sponer comezou tamén a ser publicado en Barcelona no *Anuari de l'Oficina Romànica de Lingüística i Literatura*, 7 (pp. 113-192) que corresponde a 1934; de feito aparecerá en 1935 co título *Documentos Antiguos de Galicia*. Se observamos o texto, vemos que presenta dobre paxinación: unha que segue a do vol. 7 do *Anuari*, e outra, na parte superior da páxina, que coincide coa única que ofrece o texto de Berlín. É dicir, que ámbolos dous textos coinciden, excepto no asunto da paxinación, que na publicación catalá é dobre. O conxunto do texto presentado en Berlín estaba previsto repartilo en tres números do *Anuari*, pero a saída da revista será interrompida pola guerra civil; finalmente, a primeira parte das tres será a única que sexa coñecida entre nós, polo menos no que eu puiden apreciar. A *Oficina Romànica* era unha institución dependente dos xesuítas cuxa orde fora disolvida, como é sabido, pola propia Constitución española de 1931 e polo decreto que aplica as disposicións constitucionais en xaneiro de 1932. Esta publicación –80 páxinas do texto de Sponer– era entón, en certo modo, clandestina e resultou parcial por causa da guerra civil. O texto completo conservado en Berlín, que consta de 248 páxinas máis un mapa de Galicia e unha páxina final co currículo de M. Sponer,

foi impreso en Palma de Mallorca no taller de Francesc de Borja Moll, o coñecido lingüista e editor. Este dato non figura en ningunha parte do libro que se conserva en Berlín coa cota *9 in: Ab 7856-1935, 24*. Sen embargo, na ficha da biblioteca berlinesa, aparece como orixe da publicación [Palma de Mallorca] e [Moll], entre [], o que indica que se tiña, por parte da biblioteca, esa información que non constaba no libro mesmo. Isto quere dicir que probablemente a propia Margot ou o *Romanisches Seminar*, ao que ela pertencía, lla forneceron á daquela denominada biblioteca prusiana, que estaba a dous pasos da Facultade. Desde Berlín debéronse enviar algúns dos 50 exemplares que Moll, cando menos, imprimiu, a outras universidades ou bibliotecas, pois figura nas de Leipzig, Estocolmo, Neuchâtel, etc. Despois da guerra, a biblioteca prusiana quedou na DDR, o mesmo que a Universidade de Berlín, a *Friedrich-Wilhelms-Universität* que dende 1949 ata hoxe mesmo se denomina *Humboldt Universität*. De feito, este texto foi descoñecido en Galicia, como o foi case totalmente a biografía da súa autora.

Continuando un traballo que iniciiei en 2013 cun artigo que apareceu na *Trabe de Ouro* 93, intento agora dar a coñecer novos datos sobre a elaboración deste texto emblemático e sobre a propia biografía fragmentaria de Margot Spöner. Nunha busca que me resultou case sempre moi atraínte, fun descubriendo aspectos, conflitos, relacións moi diversas. Algunhas que me resultaron sorprendentes e posiblemente tamén llo resulten a moitos dos lectores: é o caso, por exemplo, no contexto da ensinanza do español na Universidade de Berlín, da tensión necesariamente provocada pola relación obrigada con membros da Falanxe Española que chegaran a formar parte do claustro de profesores. De todos modos, a vida de Margot, como a do Departamento no que traballaba, resulta interesante en canto que vinculada moi de cerca, como iremos vendo, coa vida cultural e coa historia mesma daqueles anos turbulentos. Fun tamén constatando que moitos aspectos seguen na escuridade e seguirano talvez para sempre, en parte debido á brutalidade das circunstancias polas que Margot Spöner se viu afectada durante os últimos anos de vida: a toma do poder polos nazis en xaneiro do 1933 que cambiou completamente a vida da Universidade de Berlín, o comezo

da guerra civil en España que interrompeu en 1936 a súa relación cos seus amigos de Galicia, Cataluña e Palma de Mallorca e sobre todo a guerra en Europa durante a que foi expulsada (1942) da Universidade na que se formara. De mentalidade oposta ao réxime nazi, participou activamente nos movementos de resistencia dentro de Alemaña e estaba, non sabemos exactamente desde cando, no punto de mira da Gestapo, nunha constante angustia da que dan testemuña moitas das persoas que a trataron, pero de cuxos detalles pouco coñecemos.

A diversidade cultural que ela observaba a través das fronteiras lingüísticas non constituía unha traba senón unha verdadeira paixón. Neste marco apréciase ben o sentido do seu interese por unha lingua como o galego, interese que a leva a tratar de situala con dignidade como obxecto de investigación no mapa da cultura universal, un mapa que algúns pretendían naqueles tempos uniformar a canonazos no nome da racionalidade. Ao revés do que algúns “pensadores” da súa época, M. Sponer sabía moi ben o que por riba de todo debía facer, a quen con risco certo da súa vida debía axudar, as cartas de adhesión que non debía asinar... Coñecemos parcialmente a súa biografía, pero si dabondo para decatarnos de que este interese polas culturas e particularmente pola galega e esta loita firmemente coherente de resistencia constituíron o cerne da súa vida ao que neste traballo intentaremos aproximarnos